


Isto é  
NORMAL



## **AUTORES:**

**IGNACIO CAMPOS RILO  
UXÍA GARCÍA FERNÁNDEZ**

## **TITORA:**

**SANDRA MARTÍNEZ COSTA**

## **ANO ACADÉMICO:**

**2018-2019**

## RESUMO

*Isto é Normal* é un proxecto que pretende divulgar todas as actividades que teñen lugar no Espazo de Intervención Cultural Normal, o cal pertence á Universidade de A Coruña.

Mediante a difusión do material audiovisual aquí contido procuramos que toda a comunidade universitaria coñeza este centro e o que acontece nel.

## RESUMEN

*Esto es Normal* es un proyecto que pretende divulgar todas las actividades que tienen lugar en el espacio de intervención cultural Normal, el cual pertenece a la universidad de A Coruña.

Mediante la difusión del material audiovisual aquí contenido, pretendemos que toda la comunidad universitaria conozca este centro y lo que ocurre en el.


## ABSTRACT

*This is Normal* is a project that pretends to divulge all the activities tht occur in the cultural intevention center Normal, which belongs to the University of A Coruña.

Though the diffusion of the audiovisual material here content we try to made aware to all the university community of what happens on this space.

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>5</b>
<b>2. DEFINICIÓN DO PROXECTO</b>	<b>7</b>
2.1. A IDEA	8
2.2. FORMA	9
<b>3. PÚBLICO OBXECTIVO</b>	<b>11</b>
<b>4. WEB DOC</b>	<b>13</b>
4.1. POR QUE WEB DOC?	14
4.2. MAPA DE NAVEGACIÓN	18
4.3. ESTRUCTURA E CONTIDOS	19
4.4. REFERENCIAS	29
<b>5. PLAN DE COMUNICACIÓN</b>	<b>31</b>
5.1. INSTAGRAM	33
<b>6. MATERIAL E EQUIPO</b>	<b>36</b>
<b>7. CONCLUSIONES</b>	<b>40</b>



# 1. INTRODUCCIÓN

# 1. INTRODUCCIÓN


Isto é Normal é un proxecto que pretende outorgarlle máis relevancia dentro da comunidade universitaria a o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña, chamado Normal, así como ás actividades que nel se realizan.

En 1955 constrúese o edificio, deseñado polo arquitecto Antonio Tenreiro neste período foi a Escola Normal de Maxisterio, de onde ven o nome. Actualmente Normal é o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña



Normal é un centro cultural aberto á cidade, que fomenta a relación entre esta e a Universidade, tanto social como cultural. Algo que non existe no resto de Galicia.

Normal é un lugar para a produción de iniciativas e de proxectos propios: nova escena contemporánea, cinema, artes visuais, multimedia, música... Sempre buscando achegar a cultura á vida pública



## 2. DEFINICIÓN DO PROXECTO

2.1. A IDEA


2.2. FORMA

## 2. DEFINICIÓN DO PROXECTO

### 2.1. A IDEA

A idea do proxecto xorde a raíz da experiencia como bolseira dun dos membros do equipo no centro Normal. A súa experiencia persoal dentro do espazo cultural levouna a darse conta de que certos organismos e métodos de difusión non funcionaban correctamente.

Realizando unha enquisa oral a amigos da universidade e xente da zona onde se atopa o edificio constatou a falta de coñecemento por parte da comunidade universitaria de todo aquilo que se realiza na Normal.



Foi neste punto onde nos propuxemos realizar este proxecto, un proxecto que axudara a este espazo a ser máis coñecido e recoñecido pola comunidade universitaria (centrándonos no alumnado). E que tamén fosen coñecedores de que é un espazo onde se aposta por todo aquel traballo artístico provinte da propia universidade.

En definitiva, realizar un plan de comunicación para outorgarlle a repercusión e o recoñecemento merecidos ao espazo de intervención cultural Normal



## 2. DEFINICIÓN DO PROXECTO

### 2.2. FORMA

Unha vez definido o obxecto do proxecto comezamos a madurar a forma do mesmo. Que soportes empregar, que formatos, redes sociais...

Foi neste punto onde nos decantamos por facer un documental interactivo (web doc), dado que a interactividade dentro do propio documental nos dá esa implicación por parte do espectador; tendo este o poder de decidir que ver e que non. Por outra banda, ao mesmo tempo consideramos esta unha forma máis dinámica de condensar todo aquilo que se realiza na Normal e de achegarnos con naturalidade ao público obxectivo.

Basear este plan de comunicación nunha plataforma estática non sería adecuada para presentar o noso contido, polo que optamos por incorporar unha maior interactividade e enriquecer o proxecto coa axuda de varias redes sociais e así conseguir chegar ao noso público obxectivo. Nun primeiro enfoque as nosas redes e a súa función serían as seguintes:

**Instagram:** Rede social que nos serviría como unha galería artística, subindo tanto fotografías como vídeo feitos expresamente para esta rede. Con unha estética coidada e ordenada, buscando a aparencia dunha exposición fotográfica.

**Facebook e Twitter:** Están actualmente xestionadas polo equipo da Normal, polo que o seu uso é fundamentalmente para compartir eventos e contido audiovisual, así como unha “páxina” que serviría para incluír toda a información do espazo, horarios, localización... Twitter empregaríase para informar aos seguidores das últimas novidades e actividades que se fosen a realizar. Non obstante, esas redes sociais estarían á marxe deste proxecto.

Isto é  
**NORMAL**

## 2. DEFINIÇÃO DO PROXECTO


### 2.2. FORMA

#### Contido:

Trátase de un proxecto-contedor no que facemos unha síntese de todas as actividades da Normal durante un curso académico, neste caso o curso 2018-2019, que xusto acaba de rematar.

O obxectivo é o de dar a coñecer as actividades que se ofertarán aos estudantes de cursos próximos, compartindo ás pezas de vídeo, imaxes e o webdoc nas redes sociais. É por isto que o contido do proxecto é principalmente de todo o que xa aconteceu.





### **3. PÚBLICO OBJECTIVO**

# 3. PÚBLICO OBXECTIVO


O público obxectivo sería de tres tipos:

O primeiro é o dos estudantes da UDC. Está definido nun rango de idade dende os 18 ata os 25 anos, unha idade na que as redes sociais están moi presentes, especialmente en Instagram, a rede social con máis usuarios destas idades. Son consumidores de produtos televisivos on line, de cultura e asisten a eventos artísticos con frecuencia, en especial nas fins de semana. Descoñecen a existencia da Normal e o tipo de actividades que se realizan nela, pero recibe os correos electrónicos con información ao respecto na súa conta da UDC. Maioritariamente residen na cidade da Coruña e arredores, pero non adoitan pasar ás fins de semana na cidade. Entre os eventos culturais aos que asisten con máis frecuencia están: cine, concertos...

O nivel económico do noso público obxectivo será medio, e dirixido a ambos sexos por igual. O ámbito ao que estendemos o produto é Coruña principalmente, aínda que sería idóneo chegar tamén ao estudante internacional nun futuro, fomentando a participación entre o estudante Erasmus, que soe estar máis aberto ao coñecemento de ámbitos culturais diferentes aos do seu país de procedencia.

Un segundo tipo, o máis maioritario de entre os que asisten á Normal e coñecen as súas actividades é o dos maiores de 35 anos, especialmente persoal docente e investigador, así como de administración e servizos da UDC. Este grupo coñece máis as actividades do centro xa que, ao pertencer á comunidade laboral do mesmo están máis pendentes das novidades en cursos, eventos ou exposicións. Teñen inquedaanza pola arte e a música alternativa, e adoitan consumir produtos culturais con asiduidade.

Por outro lado está o público institucional. Neste apartado debemos destacar a aqueles organismos (Espazo de Intervención Cultural Normal e a propia UDC) que se beneficiarían do contido do noso traballo, xa que este material recolle moitas actividades realizadas durante un ano académico na Normal. As actividades difundidas a través do Web Doc e o instagram, difusión que ata o momento non se estaba realizando, pretende aumentar a presenza deste espazo cultural no ámbito da Universidade da Coruña.



## 4. WEB DOC

4.1. POR QUE WEB DOC?

4.2. MAPA DE NAVEGACIÓN

4.3. ESTRUCTURA E CONTIDOS

4.4. REFERENCIAS

# 4. WEBDOC

## 4.1. POR QUE WEB DOC?

Isto é normal é un web doc estruturado en tres grandes seccións, das que colgan 14 vídeos interactivos, nos que o usuario pode seleccionar o que quere ver en cada momento e ampliar con información relevante sobre os docentes dos cursos ou autores das exposicións, por exemplo; navegar por galerías de imaxes ou consultar as webs e redes sociais dos participantes nos eventos.

Por todo isto é polo que escollemos esta plataforma, posto que contabamos con moito contido e queríamos unha forma de englobalo que fora atractiva para o público e que non fose só unha lista de vídeos sen relación entre eles. Ao mesmo tempo, consideramos que ese contido era novidoso na súa presentación e que, por iso, encaixaba mellor no propio concepto de espazo fóra do común que é a Normal.

Na Normal realízanse actividades de todo tipo, e vendo o amplo abanico delas decidimos estruturar o contido en tres bloques. Obradoiros, exposicións e concertos.

En primeiro lugar os obradoiros, que son cursos cuadrimestrais nos cales existe un gran abanico de opcións para o alumnado. Entre eles decidimos destacar: danza, serigrafía, restauración de mobles, improvisación e videocreación; xa que nos pareceron os máis orixinais e foron os que á vez acadaron un maior éxito de público.

En segundo lugar, as exposicións son instalacións artísticas bimestrais nas cales diferentes artistas da Coruña e arredores expoñen a súa obra, tanto pictórica, escultórica e fotográfica.

E en terceiro lugar os concertos son acontecementos esporádicos que soen atraer bastante xente. Na maior parte dos casos son de música contemporánea.

Estes son os tres bloques nos que nos baseamos para estruturar o contido do webdoc, e mostrar así todo o que sucede nun curso académico na Normal.

# 4. WEBDOC

## 4.1. POR QUE WEB DOC?

Para a realización do noso documental empregamos Klynt 3, unha ferramenta creada por Honkytonk films para a creación de documentais interactivos, que permite producir material audiovisual para que o espectador decida a forma e o tempo en que o consume de xeito innovador.

### Entrevistas:

Pensamos que para promocionar un espazo cultural non había mellor xeito que que o fixeran os propios artistas, profesores e alumnos, contándonos o seu punto de vista acerca da Normal e as cousas que alí acontecen. O seu punto de vista proporciona proximidade e danos a coñecer de xeito máis profundo os contidos de cada un dos puntos relevantes do webdoc.

En total, o webdoc consta de 14 vídeos, con entrevistas a os profesores dos obradoiros, aos artistas que se encargaban das exposicións, a Vicerreitora e a Adxunta de Cultura da Universidade da Coruña.




# 4. WEBDOC

## 4.1. POR QUE WEB DOC?

### Temporalidade

Este traballo é a recompilación dun ano académico, feito coa intención de divulgar o que acontecía durante ese mesmo curso. A súa publicación sería anual, pero coa posibilidade de incrementando os bloques de vídeo do webdoc, dado que se trata dunha plataforma de doada modificación en caso de ser preciso.

Ao mesmo tempo, as redes sociais permitirían ir publicando os contidos conforme estes se van producindo, sen necesidade de agardar á edición e subida dos vídeos ao rematar os obradoiros ou concertos, por exemplo. A medida que se cambie o contido entre cursos académicos, os vídeos pasarían a formar parte dunha lista de reprodución na canle de Youtube da Normal, para que non desaparezan.





# 4. WEBDOC

## 4.1. POR QUE WEB DOC?


### Tempo de visualización:

O tempo de visualización de todos os vídeos que contén o documental é de 37, 53 minutos, a isto sumándolle o tempo de navegación, ver as galerías de imaxes, visitar os enlaces a Instagram ou ás páxinas dos artistas, etc.. quedaríase nuns 60 minutos, se se visualiza todo detidamente.

Pensamos que esta é unha duración adecuada para un documental interactivo, dado que o espectador pode decidir que ver e que non ver.



## 4.2. MAPA DE NAVEGACIÓN



## 4.3. ESTRUCTURA

O documental comeza con un vídeo introdutorio no cal a Vicerreitora de Cultura participación (Margarita Amor López) e a Adxunta de Cultura (Araceli Serantes Pazos) nos contan que é a Normal e fannos un pequeno resumo do que alí acontece.

Este vídeo realizámolo como entrevista a ambas as dúas porque pensamos que era un punto de vista imprescindible dado son as que están á cabeza deste espazo cultural. Esta entrevista alternámola con planos recurso dos espazos baleiros do edificio, dado que se trata dun edificio singular no que o espazo é moi importante, e dado que ao ser o vídeo introdutorio, queríamos deixar fóra todo tipo de acto cultural. Así como un vídeo-resumo de todos os obradoiros, exposicións e concertos como conclusión de esta introdución.

Unha vez que este vídeo remata pásase á pantalla de inicio na cal se lle da a opción ao espectador de elixir que quere ver: exposicións, obradoiros, e concertos. A pantalla está dividida en tres partes, e ao pasar por cada unha delas aparece unha animación para incitar ao espectador a continuar navegando.



Destaca que en todo o contido, á medida que se van vendo os vídeos, xorden botóns que nos levan ás redes sociais dos autores, páxinas web, galería ou máis información.

A partir de aquí explicaremos o que acontece en cada un destes bloques:


## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.1. OBRADOIROS

Os obradoiros son uns cursos cudrimestrais que ofrece a Normal abertos á toda a comunidade educativa e á poboación de A Coruña, son impartidos por artistas da cidade, e todos teñen de tema común as artes. É destacable que coinciden co ano académico, polo que están maiormente orientados aos estudantes.

O menú obradoiros, conta con 6 imaxes nas cales podemos ler o nome de cada un dos obradoiros, a ao pasar por enriba a imaxe cambia, para outorgarlle de novo esta sensación de movemento que buscamos en todo o traballo.

Ditas imaxes lévannos respectivamente aos obradoiros: **Improvisación, Restauración, Serigrafía, Videocreación, Danza e Creación artística partindo da poesía.**



## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.1. OBRADOIROS

En cada vídeo entrevistamos aos profesores que impartían os cursos:

**Improvisación:** Marita Martínez xunto con Lucía Veiga imparten o obradoiro de impro en Normal, e xuntas forman o dúo cómico e de improvisación *Izquierdo Sisters*, que nace no ano 2012 como proxecto de dúas actrices ás que lles gusta traballar xuntas, e que aman a impro.



**Restauración de muebles:** este obradoiro é impartido por Mónica Arrojo Alfredo, nada en Madrid en 1966, de pai galego e nai cántabra. Estudou na escola de antigüidades de Madrid e dende 1994 a súa casa é A Coruña. Mónica é profesora no taller de restauración dende o ano 2000.

## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.1. OBRADOIROS

**Serigrafía:** impartido por Teófila Ruiz K. Río Gallegos, Santa Cruz (Argentina) 1957. Serígrafa autodidacta, poeta e performer. Experta en Xestión da lectura e escritura pola Universidad de Extremadura. Conta con 23 anos de experiencia na técnica de serigrafía por unha banda en Argentina (Taller La Mancha) e desde 2005 no seu taller Do Paraná, Espazo Serigráfico en Santiago de Compostela.



**Videocreación:** Ángeles Díaz forma Plano Pementa xunto con Yosune Duo e Candela Rajal. Plano Pementa é unha cooperativa Galega sen ánimo de lucro dedicada á educación, investigación, xestión e creación artística e cultura, conformada no ano 2018 logo dunha experiencia previa como colectivo dende o ano 2016.

## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.1. OBRADOIROS

**Danza:** Impartido por Rut Balbís. Ourense 1979. Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. A bailarina e coreógrafa, tamén desenvolve labores pedagóxicas na Aula de Teatro e Danza da Universidade de A Coruña, como profesora do grupo de produción de danza e impartindo seminarios e obradoiros relacionados coa educación física.




**Creación Artística Partindo da Poesía:** Gosia Trebacz, nace en Cracovia (Polonia) en 1971. Vive dende fai anos en Galicia onde se realiza como artista nunha dobre faceta: mostrando as súas propostas aos demais en exposicións e por outra banda ensinando pintura. Impartiu este obradoiro no cal realizaban pinturas a raíz do que lles inspiraban os poemas de Eva Veiga.

## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.2. EXPOSICIÓN

Neste apartado, recollemos as catro exposicións que aconteceron no lapso de tempo no que estivemos desenvolvendo o traballo en Normal.

É destacable que as tres primeiras se fixeron en formato entrevista, agás a última (Aralladas) na que non contamos coa participación do autor. Así mesmo, estes vídeos ao ser en formato máis longo, contan cunha breve introdución de montaxe moi dinámica e exportable a outras plataformas (como Instagram).



A primeira é Libertas; un deseño artístico, literario e pedagóxico, promovido polo Centro Pen Galicia e o IMER. Olegario Sampedro foi o creador desta instalación e foi por isto polo que decidimos entrevistalo, alternando a entrevista con planos da exposición o vídeo.

**Olegario Sampedro:** profesor ribeirense, que xunto coa colaboración do Centro Pen Galicia e o Instituto de Mediación Educativa de Ribeira (do cal é presidente) creou nove instalacións artísticas. O proxecto Libertas chegou a un numeroso público, dado que formou parte do 82º Congreso do PEN International celebrado en Ourense en 2016.



## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.2. EXPOSICIÓN

A segunda foi **Retratos, círculos y otros pictorialismos** de Eduardo Hermida, na cal o autor procura un diálogo entre a pintura matérica e a fotografía, unha conclusión á que chega despois de camiñar na linguaxe do Pop Art durante os últimos 25 anos. Isto foi o que intentamos plasmar no vídeo tanto coa montaxe como coa música escollida. Eduardo Hermida naceu en Ferrol en 1965. É coñecido pola intervención artística no barrio ferrolán de Canido, coñecida como As Meninas de Canido.



A terceira exposición foi **EXIT**. Camiñando coa pintura e poesía, baseada no traballo feito no obradoiro de creación gráfica, pictórica e audiovisual a partir da poesía de Eva Veiga. Neste caso a entrevistada foi Gosia Trebacz, posto que aínda que os participantes foron máis, ela foi a encargada de dirixir e coordinar o traballo.

## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.2. EXPOSICIÓN

Por último atopámonos con ARALLADAS de Alberte Oro Claro (Escultor, médico de formación e profesor de INEF na Universidade da Coruña). Nesta exposición o autor rescata obxectos cotiás en mercados de moitos países para darlles un novo significado. Neste caso o vídeo só conta con planos da exposición senón que optamos por unha montaxe moi dinámica na que se poden apreciar a maioría das obras expostas.




## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.3. CONCERTOS

Os concertos son acontecementos excepcionais nos que se achegan músicos do panorama nacional e internacional.

Para o webdoc, grabamos os concertos e fixemos unha edición áxil, acorde cos estilos musicais de cada un dos grupos.

No apartado concertos, decantámonos por tres moi diferentes entre si:




**Vértixe sonora** é unha orquestra de cámara galega fundada en 2010. Trátase de unha agrupación especializada en música clásica contemporánea. Concibiuse como un colectivo flexible formado por un grupo de solistas especializados en música contemporánea que foran capaces de tocar en combinacións de instrumentos variadas. Este concerto aconteceu no paraninfo da universidade

## 4.3. ESTRUCTURA

### 4.3.3. CONCERTOS

**Northwest** é un grupo de música contemporánea londinense formado a finais de 2015. Xurdiu cando o multi-instrumentista, compositor e produtor Ignacio Simón e a artista visual, compositora e cantante Mariuca García-Lomas abandonaron España para ir ao Reino Unido. Este grupo actuou o pasado mes de decembro, no espazo Almacén da Normal.



**Debuxando sons** é un proxecto visual e sonoro no cal César Concheiro, que na actualidade é profesor de frauta do Conservatorio Superior de Música de A Coruña, combina a súa afección ao debuxo coa interpretación de obras para frauta sola dos séculos XX e XXI. Os debuxos son tratados e proxectados sobre unha parede branca na busca dunha experiencia completa.

## 4.4. REFERENCIAS E COMPOSICIÓN VISUAL

Para a composición visual do webdoc Isto é normal empregamos a referencia do documental interactivo **En la brecha**, de RTVE Lab.

Este documental serviunos de inspiración tanto para a navegación e a interactividade do nos WebDoc como no corte máis humano das propias entrevistas, elementos que intentamos plasmar no noso documental interactivo.




Por outra banda, **Abstract: The Art of Design** (2017) inspirounos en canto á fotografía: emprego de luz natural, amplitude dos espazos e magnificación da arquitectura do edificio Normal.

En segundo lugar influínos na técnica de pantalla partida que empregamos para as introducións. Todo isto está especialmente presente no vídeo introdutorio do noso webdoc.

# Exemplos de Abstract:





# 5. PLAN DE COMUNICACIÓN


5.1. INSTAGRAM

## 5. PLAN DE COMUNICACIÓN

O plan de comunicación deste proxecto consiste na elaboración e difusión dun webdoc e na difusión dos eventos da Normal a través das redes sociais, centrándonos no Instagram dado que o noso obxectivo é o de chegar ao maior número posible de estudantes.

Para acadalo, publicaremos o webdoc na páxina web da Normal, para que o público sexa redireccionado dende alí, e iremos difundindo pouco a pouco os contidos creados para esa plataforma no instagram.

Para o lanzamento do webdoc subiremos unha breve peza do vídeo introdutorio do webdoc o día 25 de Xullo e a partir dese día subirase un contido diario, tanto das galerías de fotos como dos vídeos feitos para o webdoc. Subiremos contido relacionado coas actividades aue xa foron filmadas para así promocionar o propio webdoc.



Desta forma o contido creado neste curso académico servirá tamén para dar a coñecer aos estudantes do vindeiro ano os eventos da normal, e para contarlles de que van ir os obradoiros ou exposicións que van ter lugar en próximas datas. Ao ver en que consisten os eventos da Normal entendemos que fomentamos tamén a participación e, polo tanto, consideramos que se debería incrementar o número de estudantes que asistan aos obradoiros, concertos e exposicións.





# 5. PLAN DE COMUNICACIÓN

## 5.1. INSTAGRAM

Decidimos basearnos na rede social Instagram, debido a dous motivos. En primeiro lugar, era a única rede social ca que non contaba a Normal, polo que vimos claro que era necesaria, sobre todo cando o problema da Normal era que non chegaba aos estudantes que son maioritariamente os que empregan o Instagram como rede social principal:

A *Xeración Z*, que sería practicamente a idade do noso público obxectivo, vai dende os 16 aos 23 anos empregan instagram con un 72% de uso (só por detrás de Youtube e Whatsapp) e os *Millenials*, con idades comprendidas dende os 24 aos 38, teñen ao Instagram como a súa cuarta opción cun 56 %.<sup>1</sup>



### Contido:

A nosa intención desde un principio foi a de empregar esta plataforma como unha vía artística para promocionar o espazo. As publicacións conteñen fotografías e vídeos realizados por nosoutros mesmos, pero sempre dende un punto de vista máis estético, dado que se trata dun espazo moi diáfano, cunhas salas con moito potencial, intentamos plasmar isto nas publicacións e non quedarnos só nunha conta de divulgación de eventos e actividades.

1 [Información obtida no Estudio Anual de Redes Sociales 2018, 41.](#)

# 5. PLAN DE COMUNICACIÓN


## 5.1. INSTAGRAM

### Periodicidade das publicacións:

As publicacións, dado que foi un traballo de larga duración, foron esporádicas ao comezo. Ao final, no mes de xuño decidimos realizar publicacións cada dous días, para darlle continuidade ao proxecto pero tampouco saturar aos seguidores.

Nas historias de Instagram, realizabamos subidas diarias, avisando de eventos que ían acontecer no centro, avisos de novas publicacións e imaxes do que acontecía en directo cando íamos a facer algunha gravación.

Destaca que estas historias foron ordeadas posteriormente para quedar fixas na propia conta, así mesmo realizamos uns pequenos deseños para que as imaxes de portada de estas historias tiveran uniformidade entre elas.



# 5. PLAN DE COMUNICACIÓN

## 5.1. INSTAGRAM


### Conclusións e resultados de instagram:

Os datos e os resultados que estamos a obter de Instagram son moi alentadores, xa que nun período de tempo curto logramos un gran número de seguidores (máis de 730) e un alcance considerable.

A páxina de Instagram creada en outubro experimentou dende entón unha crecente popularidade, así como unha actividade continua, destacando a colaboración de artistas e alumnos; os cales mencionaban a la Normal nas súas redes personais e contribuían da creación e subida de contido, do cal se nutre a páxina da propia Normal.

É por isto que debemos destacar Instagram como unha rede primordial á hora de executar o noso plan de medios, sobre todo porque nos acerca a ese público obxectivo, público que usa esta rede social de forma asidua.





## **6. MATERIAL E EQUIPO**

## 6. MATERIAL E EQUIPO

Dende un principio tiñamos clara a estética fotográfica que lle queriamos dar ao contido: emprego de luz natural, destacar a arquitectura e magnificar o espazo.

É por isto que á hora de escoller o material de gravación escollemos as réflex, debido á súa versatilidade e á súa capacidade de captación da luz natural. Apostando por angulares (14-18 mm) para os planos xerais e 50 mm para entrevistas e planos recursos. As dúas cámaras réflex empregadas foron unha Nikon D-5300 e unha Canon 600-D. En canto ao son, utilizamos un micrófono de gravata Sennheiser, xa que a única captación de son proviña das declaracións dos entrevistados.

E por último destacar o uso de focos LED como apoio para as entrevistas, para outorgar así un maior contraste e exposición á persoa entrevistada.

### IMAXE

NIKON D5300
CANON 600D
CANON 550D
JVC GY- HM700E

### ILUMINACIÓN e SON

PANEL LED 1
PANEL LED 2
MICRO DE GRAVATA
GRABADORA ZOOM H1

## 6. MATERIAL E EQUIPO


En canto ao equipo humano destacar a colaboración de todo o grupo en todas as tarefas e partes do traballo, pero dividindo a responsabilidade en diferentes apartados. Así pois dividimos a responsabilidade da seguinte forma.

**Ignacio Campos** foi o responsable da parte máis técnica. Como a fotografía, gravación, realización e postproducción do contido.



**Uxía García** foi a responsable da parte de produción. Destacando tamén o manexo da conta de instagram, iluminación e fotografía.





## 7. CONCLUSIONES

## 7. CONCLUSIONES

Con este traballo, como mencionamos anteriormente, pretendíamos outorgar maior visibilidade ás actividades que se realizan dentro do espazo de intervención cultural Normal, tanto como ao seu propio nome. Tamén conseguir unha maior repercusión e calado nesta mesma entidade entre o alumnado e o profesorado da Universidade da Coruña e en definitiva entre todas aquelas persoas interesadas pola arte.

Por outro lado, gustaríanos destacar os coñecementos adquiridos e o crecemento profesional como comunicadores audiovisuais, xa que, a experiencia durante todo o proceso foi moi enriquecedora e puxo a proba as nosas habilidades.

A experiencia serviunos ao mesmo tempo para coñecer as actividades que se están a facer na Normal e para entender que non é posible coñecelas se non existen accións de comunicación concretas que cheguen ao público obxectivo da forma adecuada.

E por último agradecer á universidade o apoio e recursos prestados e ao espazo Normal e aos seus traballadores por colaborar con nós nesta andaina.

